

## NOTA INFORMATIVA AXENDA

### Venres, 5

**10.00 e 12.00 h.**

#### **Concertos Didácticos**

No Auditorio de Galicia, Concerto Didáctico da Real Filharmonía de Galicia. Maximino Zumalave, director / Blanca Cendán, narradora [Poulenc, *A historia de Babaï*]

**10.30 h.**

#### **Concerto Didáctico**

No Teatro Principal, Concerto Didáctico da Banda Municipal de Música.

**11.30 h.**

Na Casa do Concello, o concelleiro de cultura, Néstor Rego e a concelleira de Centros Socioculturais, Mercedes Rosón, presentan en **ROLDA DE PRENSA** o *Move ´m Cult & Danza, Festival dos Ritmos do Mundo 2006*, acompañados pola creadora e directora do Festival, Martha Franco. Na rolda tamén estarán Xuan Curiel, artista galego que presenta o seu traballo neste Festival e Verónica Gulluscio, profesora de danzas terapéuticas chegada desde a Arxentina.

**12.00 h.**

No Paraninfo da Facultade de Xeografía e Historia, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, inaugura, xunto ao reitor da USC, Senén Barro, e a conselleira de Vivenda, Teresa Táboas, a segunda edición do curso **Aula de Renovación Urbana e Rehabilitación**. De seguido, ás **12.30 h.**, o arquitecto César Portela dará unha charla inaugural.

**13.00 h.**

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, xunto ao arquitecto Jean Nouvel, para presentar o proxecto da Finca do Espiño.

**15.00 h.**

No Hostal dos Reis Católicos, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asiste ao almorzo-Clausura das Xornadas Técnicas sobre Transporte Urbano que organiza ATUC/Trapsa.

**20.30 h.**

No Centro Sociocultural das Fontiñas, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, inaugura a exposición "Mozart e o mundo da música", que conmemora o 250 aniversario do nacemento do xenial compositor.

**21.00 h.**

#### **Concerto de Abono**

No Auditorio de Galicia, Concerto de Abono da Orquesta Sinfónica do Principado de Asturias. Maximiano Valdés, director / Arto Noras, violoncello.

[Sibelius, *El cisne de Tounela* / Elgar, *Concerto para violoncello e orquestra en mi menor*, op. 85  
Sibelius, *Sinfonía núm. 5 en Mi bemol maior*, op. 82]

**22.00 h.**

**Teatro**

Na Sala Nasa, *Pola noite diante dos bosques* de Teatro Dom.

**22.00 h.**

**Música**

No pub Ambigú, *The Lorchas*, *Las fulanas*.

**NOTA INFORMATIVA (Recordatorio)**

**Alteracións no tráfico en Xoán Carlos I e Porta Faxeira**

Con motivo das obras de pavimentación das rúas Xoán Carlos I e Porta Faxeira, o departamento de Tráfico informa que queda prohibido:

- ? O estacionamento na rúa Xoán Carlos I desde as 9.00 h. do xoves 4 de maio ata as 00.00 h. do domingo 7 de maio.
- ? A circulación de subida pola rúa do Pombal e Porta Faxeira, desde as 9.00 h. ata as 22 h. do sábado 6 de maio. As circulacións alternativas son: Poza de Bar-San Lourenzo-Campus Sur ou ben Poza de Bar-Campo do Galo-Avda. da Coruña. A circulación de baixada permanecerá sen alteracións.

O Concello de Santiago de Compostela prega aos cidadáns que desculpen as molestias que lles poidan ocasionar estas alteracións no tráfico.

**Axenda cultural**

Pódese consultar a axenda cultural en: [www.compostelacultura.org](http://www.compostelacultura.org)

**Santiago de Compostela, 4 de maio de 2006**